

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA O IMPULSO DO ASOCIACIONISMO NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con domicilio no Edificio Centro Emprendemento (Coworking) da Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG, de 20 de decembro de 2022, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2013/017785 Sección 1.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a



entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

II. Que é de interese xeral para o desenvolvemento do sector turístico en Galicia o fomento da realidade asociativa das empresas e entidades que prestan servizos turísticos na nosa Comunidade Autónoma. Este asociacionismo debe estar agregado a nivel de cadea de valor, de xeito que se vaia camiñando cara unha ordenación do ámbito asociativo no eido turístico, diminuindo a atomización actualmente existente. O fomento desta agrupación da realidade asociativa é merecedora dun impulso e un recoñecemento da súa labor, para a que é necesaria unha mínima estrutura de funcionamento que permita acadar os fins comúns dos seus asociados, que redunda nunha mellor calidade turística en Galicia.

III. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

IV. Que a Axencia de Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados desde o ano 2014, o que redunda no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a gobernanza do turismo. A vertebración e potenciación do movemento asociativo no sector turístico de



Galicia é fundamental para fortalecer a gobernanza e a colaboración público privada. Entidades como o Clúster de Turismo de Galicia e outras asociacións profesionais desempeñan un papel crucial como interlocutores entre o sector público e o tecido empresarial, facilitando o diálogo e a coordinación de estratexias conxuntas. Estas asociacións actúan como a voz do sector, canalizando as necesidades e propostas das empresas, o que permite desenvolver políticas e accións máis aliñadas coa realidade do turismo galego. Ademais, o seu coñecemento e experiencia contribúe á elaboración de plans e proxectos que melloran a competitividade e sustentabilidade do sector.

Así mesmo, o movemento asociativo facilita a implementación de actuacións e proxectos en colaboración co sector público, a través da formalización de acordos e convenios que permiten levar a cabo iniciativas de maneira máis eficiente e efectiva.

Con estas actuacións operativas preténdese apoiar e fomentar o movemento asociativo a través do Clúster de Turismo de Galicia, como principal interlocutor da cadea de valor do sector turístico galego, favorecendo así a cooperación público-privada e dando voz a todas as empresas turísticas.

Neste sentido, a través da formalización de convenios de colaboración, proporcionaranse ferramentas de apoio orientadas a reforzar o seu papel como dinamizador do tecido empresarial do sector turístico de Galicia, facilitando a coordinación de estratexias, a realización de proxectos transversais, así como a promoción e comercialización da marca Galicia como destino turístico.

A través deste convenio de colaboración instrumentase a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, concorrendo, polos motivos sinalados, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, polas razóns expostas no expoñendo anterior, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).



En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia de Turismo de Galicia e do CTG, as partes acordan a formalización dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidades

O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados do funcionamento ordinario do Clúster de Turismo de Galicia.

Dita subvención buscará como finalidade establecer entre a **Axencia de Turismo de Galicia** e o **Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de actuación** para a implantación dunha entidade que agrupe ao sector turístico de Galicia, que serán:

1. Apoio a unha estrutura de funcionamento que permita levar a cabo as tarefas mais técnicas e de xestión ordinaria dunha entidade destas características, mediante unha secretaría técnica.
2. Apoio ao pagamentos dos custes operativos do CTG, tanto de infraestruturas, como as dedicacións dos seus membros as tarefas de impulso do sector turístico en Galicia.
3. Xuntanzas multisectoriais e grupos de traballo no seo da cadea de valor turística.
4. Accións de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector económico en Galicia.
5. Accións de colaboración en xeral coa administración autonómica.

Segunda.- Orzamento e financiamento



O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a douscentos dez mil euros (270.000,00€, IVE incluído), 90.000€/por anualidade 2026, 2027 e 2028, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE/ANUALIDADE
1. SERVIZOS PARA O FUNCIONAMENTO INTERNO DO CTG (reunións do consello, Asembleas, operativa diaria, etc.)	28.000€
2. CUSTES OPERATIVOS	46.500 €
2.1. Subministración (papelería, carpetas, ...)	2.600 €
2.2. Aluguer de oficinas e subministración	4.400 €
Telefonía	1.000 €
Xestión de espazos	3.400 €
2.3. Desprazamentos e manutención	20.000 €
Dietas	18.000€
Gastos de reunións y viaxes	2.000 €
2.4. Xestoría externa	19.500 €
3.COMUNICACIÓN	15.500 €
3.1. Gabinete de comunicación e prensa	10.500 €
3.2. Custes materiais promocionais	5.000 €



TOTAL	90.000€
--------------	----------------

Á vista da actividade desenvolvida no ano 2026, a Comisión de Seguimento establecida no presente convenio poderá incorporar modificacións nas partidas establecidas no orzamento anterior, sempre respectando o orzamento total establecido, para as anualidades 2027 e 2028.

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Axencia de Turismo de Galicia achegará a cantidade de 83.000€ (IVE incluído) con cargo na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.481.0, código de proxecto 2015 00006 "Promoción e potenciación do turismo", procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026, 2027 e 2028. A contía restante para completar a execución do orzamento correspóndelle executala a CTG. Achega que se canaliza a través dunha subvención de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Esta axuda ten o carácter de "axuda de minimis" exenta de notificación e de comunicación á Comisión Europea en aplicación do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 15.12.2023, Serie L).

A aplicación do réxime de minimis implica que axuda total de minimis concedida á entidade beneficiaria, en virtude da aplicación do artigo 3º.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.

Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.



Antes de conceder a axuda, solicitarase da entidade beneficiaria unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os tres anos previos.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polo CTG, o cal deberá ser acreditado por este coa xustificación do convenio.

Cuarta.- Compromisos das partes



1. O CTG comprométese a:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b) Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- c) Incluír en toda a documentación e soportes específicos para a actuación que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027, e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
- d) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino da subvención.
- e) Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. Así mesmo, facilitarán a declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os tres anos previos.
- f) Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de



conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

h) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins deste convenio e a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de Xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento



O prazo para presentar a documentación xustificativa do gasto e pago por parte do CTG remata o **10 de decembro** de cada anualidade.

No mesmo prazo o CTG deberá presentar ante a Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de pago anual da parte comprometida por aquela e a xustificación que se efectuará segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
2. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago. No caso de existir desviacións con respecto ao orzamento estimado establecido na cláusula segunda, indicaranse, e o seu motivo.
3. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.
4. A documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
5. Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no apartado dous.
6. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.
7. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



8. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

9. Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os tres anos previos.

O CTG ademais deberá presentar:

- Unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e as marcas Xacobeo 2027 e Galicia Calidade.

- Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido na cláusula segunda.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns



xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

Poderanse realizar **pagamentos anticipados** que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 80% sobre os primeiros 18.000€ e no seu caso dun 10% adicional sobre o importe que supere estes, do importe que se obriga a aportar a Axencia de Turismo de Galicia, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Coa solicitude de anticipo, o CTG terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar **pagos a conta**. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Para proceder ao seu pagamento, CTG deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sétima referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.



Conforme ao disposto no artigo 65.4.f) do citado Regulamento, o CTG está exento da obriga de prestar garantía en pagamentos anticipados e á conta

O anticipo das anualidades 2027 e 2028 farase unha vez xustificado o libramento das anualidades 2026 e 2027, respectivamente.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Xunta Xeral deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo CTG e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.



Décima primeira.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real



decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.



Décimo quinta.- Protección de datos

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2028**.



E en proba de conformidade de canto antecede, asinan dixitalmente este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Polo CTG

O director

O Presidente

José Manuel Merelles Remy

Cesáreo González Pardal

